



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 20 DE ABRIL DE 2015

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

FALTAN Á SESIÓN

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro PSdeG-PSOE
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro PSdeG-PSOE

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiões o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Xeral.

A urxencia desta sesión motívase na necesidade de dar resposta ás alegacións presentadas contra o Oramento 2015 e á súa posterior aprobación definitiva na maior brevidade posible, xa que, segundo a lexislación vixente, debería de haberse aprobado a 31 de decembro de 2014.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

- 1º.- VOTACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.
- 2º.- RECLAMACIÓNS CONTRA ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2015; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 16-04-2015
- 3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2015; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 16-04-2015.

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

1º.- VOTACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Sr. Alcalde: Benvidos a todos. Benvidos á sesión extraordinaria e urxente do Pleno, que ten como parte resolutoria única á reclamación contra o Orzamento municipal, pero previamente, como ben saben, temos que xustificar e votar debidamente a urxencia desta sesión, que ven xustificada na convocatoria e que vou a pasar a ler

de acordo co establecido no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento de Réxime Xurídico das Entidades Locais, convócase sesión extraordinaria e urxente para proceder a dar resposta ás alegacións presentadas contra o Orzamento 2015 e a súa posterior aprobación definitiva, motivando a urxencia desta sesión na necesidade de aprobar o Orzamento coa maior brevidade posible, xa que, segundo a lexislación vixente, debería de haberse aprobado o 31 de decembro de 2014. Polo tanto, non sei se hai algunha cuestión en relación á urxencia?. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Belén Louzao, Concelleira do PSdeG-PSOE: Moitas grazas Sr. Alcalde. Boas noites a todas e a todos. Tal e como manifestamos na Comisión (que tamén se convocou extraordinaria e urxente), non entendemos cal é a necesidade de facelo deste xeito, non entendemos por que eso se fai, porque por exemplo hoxe dúas persoas do grupo socialista non poidan estar, porque por motivos laborais non poden pechar a súas axendas para poder acudir a este Pleno. Tamén fai que efectivamente este Orzamento tiña que estar aprobado no mes de decembro e non o estea, non entendemos en que vai a modificar esa prioridade de urxencia, gañar dous días, porque, como ben saben, para a semana terá que haber outro Pleno extraordinario, por eso non entendemos cal é a necesidade de convocar este Pleno extraordinario e urxente por este motivo, para gañar dous días, dous días a que?, dous días a un Orzamento que, como despois debatiremos, non vai a modificar en nada súas inversións, o quizais si. Pois se esa é a súa estratexia, nós, dende logo, non a podemos compartir porque eso é xogar cos recursos de todos e todas.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Xosé Magariños, Concelleiro do BNG: Como xa dixen na Comisión, non parece moi lóxico que si levamos 4 meses de recibo, agora temos que ir a... ver o meter o apuro, como xa dicía a voceira do grupo socialista, a catro días do seguinte Pleno, é simplemente tirar os recursos públicos, pero bueno, como de eso xa o Partido Popular é do que especialmente sabe, supoño que por eso sabrá para seguir na súa tónica.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños, pois debatido sobre a urxencia, se lles parece pasamos á súa votación. Votos en contra da urxencia?, abstencións non hai, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Unha vez sometida a urxencia a votación, esta á aprobada polos votos favorables do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (7) e do BNG (1).

2º.- RECLAMACIÓNS CONTRA ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2015; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 16-04-2015.

Sr. Alcalde: Pasamos ao debate do segundo punto que é a reclamación contra o Orzamento municipal para o exercicio 2015, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 16-04-2015. Para tratar este asunto ten a palabra o Concelleiro de Facenda D. Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco, Concelleiro do PP: Ben, boas noites. Tal e como se expuxo na Comisión Informativa de Facenda estas dúas reclamacións/alegacións que se presentan ao Orzamento de 2015 e

según se fai no informe conxunto de Secretaría Intervención, non nos atopamos en ningunha das tres causas que recolle a lei como exclusivas para facer unha alegación a un Orzamento. Recordamos que estas únicas causas son non haber sido axustado o Orzamento á súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos, omitir crédito necesario para cumprimento de obrigacións ou manifesta insuficiencia dos ingresos con relación aos gastos. Visto que estas alegacións non se atopan en ningunha das tres causas, non procede a estimación nin entrar siquera no fondo da cuestión porque non procede en absoluto, así nos o di os informes, e seguindo os mesmos se ditaminou na Comisión especial de Facenda e así se trae para a súa aprobación en Pleno.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Blanco, moitas gracias. Algunha intervención? Ten a palabra Dna. Belén Louzao, representante do grupo socialista.

Sra. Belén Louzao: Novamente gracias. Manifestar e reiterar os argumentos que xa demos na Comisión Informativa de Facenda e Contas polas que, tal e como se di en ámbolos dous recursos que se presentan aos orzamentos, os recursos se fan en relación ao cadro de persoal e valoración orzamentaria do mesmo, si ben entendemos cal é a postura do departamento de Intervención e de Secretaría, dende logo este Pleno, esta Corporación municipal ten o deber de ir máis alá, somos os responsables das decisións que afectan ao noso Concello e, entre elas, están tamén neste caso os nosos traballadores, por eso non entendemos que se agoche a cabeza e non se entren no fondo das cuestións cando levamos catro anos, e vostede Sr. Alcalde o sabe perfectamente que no ano 2010 se intentou poñer solución á situación que viven os traballadores deste Concello e foi vostede o que votou nesa ocasión en contra, por eso non entendemos que catro anos despois os traballadores municipais neste caso teñan que seguir presentando este tipo de recursos por impotencia, posto que non se atenden as necesidades de igualar aos traballadores, de atender as súas lexítimas reclamacións e que, polo tanto, cremos que si se debe de resolver. Por iso hoxe, igual que fixemos na Comisión, si vamos a apoiar a reclamación, os dous recursos que se presentan, por entender que é obriga moral do Concello da Estrada dar cumprimento, neste caso, ás necesidades dos nosos traballadores, das necesidades en definitiva dos veciños e veciñas da Estrada que están afectados directamente por un Orzamento do Concello que, ano tras ano, non lles resolve a súa situación, por iso, esixindo, demandando que se poña fin dunha vez por todas e se entre a debatir politicamente e a solucionar esta eiva que carece, ano tras ano, nos nosos orzamentos. Por iso si vamos a apoiar os recursos e as reclamacións que se presentan. Insistimos, entendemos a postura do departamento de Intervención e do departamento de Secretaría, pero como Corporación municipal debemos ir máis alá e si debemos utilizar as ferramentas que temos como Concello para dar cumprimento ás obrigacións morais que temos cos nosos traballadores. Moitas gracias.

Sr Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Sra. Belén Louzao. Ten a palabra D. Xosé Magariños, en representación do BNG.

Sr. Xosé Magariños: Compartimos tamén o que é o informe, entendemos o informe dos técnicos municipais no sentido no que o omiten, o que non entendemos e non compartimos e que o goberno do Partido Popular, nos catro anos que estivo aquí, non fose capaz de solucionar un problema do que todos somos coñecedores e que existe co persoal e que non lle queira dar outra alternativa, neste caso, a unhas persoas determinadas que presentaron unha serie de alegacións para solucionar o seu problema. Os Orzamentos municipais están para solucionar os problemas dos veciños e veciñas da Estrada e aquí

atopámonos con veciños e veciñas da Estrada que ademais son traballadores do Concello, dobre obriga para mirar polos seus intereses que, ao final, son todos os intereses dos veciños e veciñas da Estrada. Por iso imos a votar a favor das alegacións que presentan estes veciños.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Sr. Magariños. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco: Ben, eso que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego están confundindo churras con merinas, porque nos atopamos en sede orzamentaria, aquí, lógicamente, non se pode entrar a debater temas laborales e salariales que, como ben din, en sede de RPT que tampouco no anterior mandato non se dou solucionado e non foi solo polo voto en contra do Partido Popular, sinón que o Partido Socialista non consegueo o apoio do seu socio do goberno naquel momento, que era o Bloque Nacionalista Galego, eso por diante. Os Orzamentos non son o sitio para arreglar os problemas laborales, ese sería o RPT, por eso está vostede equivocado en ese sentido Sr. Magariños, e si os dous están de acordo en que os informes son correctos, ir máis alá... a Corporación non pode ir, al menos que incumpla ca legalidad. Si se nos está dicindo que non entra nalgunha das causas que están sinaladas taxativamente pola lei, ir máis alá eu penso que sería ir contra a lei, si se pode interpretar que a Corporación se pode saltar eso... bueno, pois explíqueo vostede Sra. Belén, porque non o entendo.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Blanco. Algunha outra intervención? Bueno, eu creo que a explicación que pedía o Sr. Blanco lla pode dar eu non? A proximidade das eleccións nos poñen a todos un pouco históricos politicamente, e unha mostra clara dese histerismo é esta saída de.... creo que totalmente fóra de lugar tanto do Partido Socialista como do BNG non?. Decir que incumplamos a lei en uns supostos que están especificamente tasados sobre o que é un recurso a un Orzamento municipal, me parece que cando menos, xa non diría grave, sinón que diría irresponsable, é unha auténtica irresponsabilidade. Pero bueno, entendemos o momento no que nos toca debater esta cuestión, entendemos a proximidade dos comicios electorais para ir arraspañando algún voto de aquí e outro de alá para intentar enganar a un colectivo que sabe perfectamente que, ao mellor, este goberno non foi quen de buscarlle unha solución polo complexo escenario orzamentario económico e as limitación legais que nos establecían, pero si o goberno anterior si tivo moitísima capacidade para poder facer e flexibilizar as súas condicións, porque non había unha lei de estabilidade orzamentaria, nin había unha lei que impedía expresamente incrementar de forma individual ou colectiva os salarios dos traballadores, esa lei non existía no goberno anterior e o resultado xa sabemos cal foi non?, cero, o resultado foi cero, o que pasa é que eu estou convencido de que unha cousa é predicar e outra é dar trigo. Agora, que temos unha limitación estrita, que estamos intentando encaixala dentro do que son as... o encorsetado que é, no momento actual, aprobar unha RPT, agora que eu creo que temos un compromiso firme de sacalo para adiante, por suposto é un despropósito, un despropósito, a propia alegación en si xa é un despropósito e a aceptación dunha alegación é un auténtico despropósito político, porque está claro que isto é como... eu que sei... en calquera outro momento pois en sede municipal se plantexa que calquer cidadán poida presentar recurso cando lle dea a gana sobre o que lle interese sen ter competencia absoluta na decisión que poida tomar a Corporación municipal non?. Isto é totalmente... a parte, eu creo que o pon expresamente e o define claramente o propio informe de Intervención e Secretaría, non o di este goberno, o di o propio informe que baixo ningún concepto

estaría próximo a ningún dos tres supostos que serían susceptibles de entenderse como recurso-alegación ao propio Orzamento municipal, polo tanto é a propia Secretaría, xa non este goberno, sinón a propia Secretaría municipal e a Interventora municipal a que deciden xa nin siquera entrar no fondo da cuestión, que ese sería xa outro tema non?, pero xa non entra no fondo da cuestión, xa di que... polo tanto non procede entrar e que hai que desestimala de plano. Esa é a realidade. Bueno, que vostedes veñan a dicir que un informe contundente como este, que o saltan á torera, foi unha pena que non o fixeran antes; si teñen esa credibilidade sobre os informes municipais, foi unha pena que non o houberan feito antes o que deberon de haber feito cando gobernaron este Concello, foi unha pena, porque xa vexo que vostedes saltan á torera as cuestións cando lles interesa non?. Neste caso creo que é de responsabilidade, eu o que si... adquirimos un compromiso aquí en base ao instrumento perfectamente identificado para resolver estas cuestións, que é o Regulamento de Postos de Traballo (RPT), sabemos da súa complexidade, queremos buscarlle unha solución aínda tendo en conta o complexo escenario orzamentario que nos toca vivir, pero en ese caso é donde, e nese escenario é onde realmente lle corresponde buscarlle unha solución a este tema, é no ámbito... dentro do que é o desenvolvemento da RPT, non é no Orzamento municipal, onde, como ben apuntaba o Concelleiro de Persoal e de Facenda, non é a ferramenta o Orzamento municipal para resolver cuestións laborais. Eso é un auténtico despropósito, porque entón calquer convenio, calquer RPT se podería modificar coa simple modificación dun criterio a través dun presuposto anual non?, e realmente o ámbito das relacións laborais está perfectamente regulado e hai documento expreso que o recolle non?, é o Convenio ou é a RPT. E nesa liña saben que estamos traballando, saben que estamos no tramo final e faremos un plantexamento para intentar chegar ao maior consenso posible na idea de buscar unha solución. Todas as sentenzas xudiciais, todos os trámites que se están levando a cabo, todas as reclamacións que se están facendo (aínda hoxe dimos conta dunha reclamación do colectivo de Protección Civil tamén no ámbito laboral), todas ao final xudicialmente están indo ao mesmo punto, que é o elaborar unha RPT para recoller todas estas cuestións que son do ámbito estrito dun Regulamento de Postos de Traballo non?. Así que isto é, dende logo, un auténtico despropósito e, por suposto, o goberno non pode entrar nin siquera na cuestión deste asunto, así que creo que é necesario resolvelo, é necesario aprobar o Orzamento e é necesario aprobar a RPT, e aí é onde lles digo que van a contar, por suposto, co noso apoio e o noso intento total de conseguir sacala adiante cando, comentaba perfectamente o Sr. Alberto Blanco, cando fai catro anos non foi precisamente o PP quen se opuxo á RPT, vostedes tiñan un socio de goberno estable co que gobernaron estable ou inestable (por momentos, depende), que gobernaron catro anos e non foron quen de conseguir que foran os seus socios de goberno, non quixeron para nada o Partido Popular, e cando lles interesa ten que ser o Partido Popular o responsable de que vostedes non fagan o que tiñan pensado facer. Aquí solo hai un responsable, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, nós asumimos a nosa responsabilidade e lle pode asegurar que vamos a intentar... e eu creo que ademais o vamos a conseguir, que no próximo Pleno ordinario municipal podamos traer o debate da RPT e poidamos establecer un novo escenario a futuro que recolla... eu sempre o dixen e o recoñecín publicamente, eu entendo que hai determinados colectivos neste Concello, un deles pode ser a Policía Local, que bueno pois, no están nas condicións que deberían de estar a nivel laboral e salarial e vamos a intentar, na medida do posible, satisfacer unha cuestión que ven de xeito arrastrada desde máis de quince anos non?, pero neste caso nos toca a nós resolvelo e nós non vamos a omitir a nosa responsabilidade, hai que resolvelo pero en base ao expediente perfectamente estipulado para eso, e aí ao mellor teremos oportunidade de entrar en cuestión de valorar as

aportacións que se fan neste... no seno deste expediente de aprobación do Plan Xeral... do Orzamento municipal, no seo de tramitación do expediente de RPT. Posiblemente aí sexa donde poderemos entrar en cuestión, o valoraremos e decidiremos, porque ao final isto é moi sencillo, todo o que sexa pa un vai a deixar de ser para outro, e ao mellor tamén eso o terán que explicar vostedes ao resto do personal desta casa non?. Ao final aquí hai unha cuestión de que o diñeiro é o que é e hai que intentar buscar un reparto equitativo non?. Nesa liña eu creo que a proposta que imos a presentar será unha proposta sensata, consensuada ou, polo menos, intentamos consensuar con todos os Sindicatos con representación no Concello e a partir de aí esperemos que sexa a Corporación a que debata sobre este asunto e cheguemos ao máximo acordo posible.

Así que votamos este punto número dous que é a reclamación contra o Orzamento municipal para o exercicio 2015. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Rexéitanse as reclamacións contra o Orzamentos.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno rexeita as reclamacións presentadas contra o Orzamento municipal 2015 polos votos en contra do PP (11) e a favor do PSdeG-PSOE (7) e do BNG (1), adoptándose por maioría o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda e Contas de data 15-04-2015, en relacións ás reclamacións presentadas contra o Orzamento municipal para o exercicio 2015.

Visto o Acordo adoptado en sesión plenaria do 13-03-2015, polo que se aproba inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio 2015.

Visto que durante o período de exposición pública se presentaron as seguintes alegacións/reclamacións:

- Escrito presentado o 10-04-2015 (RE nº 4137) por D. José Luis Rey García, en representación da sección sindical da F.S.P da Unión Xeral de Traballadores

- Escrito presentado o 13-04-2015 (RE nº 4223) por D. José Luís Rey García e 11 veciños máis deste concello.

Visto o informe conxunto da Secretaría e a Intervención municipais, emitido con data 14-04-2015, no que se manifesta que non se aprecia nas alegacións formuladas ningunha das tres causas para reclamar contra o Orzamento, establecidas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o Ditame acadado na sesión celebrada o 16-04-2015 pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas.

ACORDAMOS:

Desestimar, por falta de fundamento legal, os escritos contra o Orzamento municipal para o exercicio 2015 presentados pola Sección Sindical da Federación de Servizos Públicos da Unión Xeral de Traballadores (RE nº 4137, do 10-04-2015) e por D. José Luís Rey García e 11 veciños máis deste concello (RE nº 4223, do 13-04-2015), ao non concorrer ningún dos motivos para reclamar contra o Orzamento sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2015; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 16-04-2015.

Sr. Alcalde: Punto nº 3, aprobación definitiva do Orzamento municipal 2015. Algunha intervención?. Ten a palabra Dona Belén Louzao.

Sra. Belén Louzao: Ben, si o Orzamento é unha das ferramentas máis importantes que ten o Concello ou é porque nel débense dar cumprimento ás obrigas que ten o propio Concello, entre elas unha desas obrigas é, dende logo, atender ao cadro de persoal e ás necesidades do noso Concello. Pero, dende logo, o noso voto vai a manterse igual ao do día no que se debatíu o propio Orzamento, e vai a ser contrario á súa aprobación definitiva, porque é un Orzamento que, como xa dixemos, vai a reducir, non vai a permitir saír da situación de dificultade na que se atopan os veciños e veciñas, porque vai a reducir estrepitosamente os investimentos. Bueno, igual nos sorprende e incluso se chegan a facer modificacións ao que vostedes mesmos aprobaron, eso si, buscando o seu interés e o seu rendemento electoral. Pero tamén é un Orzamento polo que vamos a pagar por máis débeda, vamos a subir os gastos financeiros e non sabemos para que, pero si sabemos que vostedes van a través deso a arranxar chapuzar que non foron quen de arranxar nos proxectos do ano 2014, obras que se lles caen e que agora teñen que asumir os veciños e veciñas fóra de presuposto; tamén gastos que aumentan vostedes para necesidades superfluas en realidade, mentras deixan a cero o gasto diario do noso Concello e os mantementos baixan estrepitosamente, o mantemento para o noso rural ou o mantemento, sen ir máis lonxe, das vías do casco urbano, por iso vamos a manter o noso voto en contra da aprobación destes Orzamentos que, como dicimos, son uns Orzamentos que en nada van a favorecer aos veciños e ás veciñas. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas gracias Sra. Belén Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Xosé Magariños: Vou a repetir aquí os argumentos que empreguei para votar en contra no Pleno no que se trouxo o Presuposto a este Salón de Plenos, uns Orzamentos que único que van a facer é empeorar a situación na que se atopan os veciños e veciñas da Estrada, que van empeorar todos os servizos dos que disfrutan. O que si me gusta é que o Sr. Alcalde recoñeza porque se fai este Pleno, porque está nervioso polas eleccións, eso estivo moi ben, recoñecer o seu nerviosismo, non me estraña, non me estraña, vendo a situación na que deixou ou está deixando o Concello nestes catro anos é normal que intente remedialo polo menos nunha semanaña.

Sr. Alcalde: Sr. Magariños, a súa retórica sempre é fantástica non?, pero a veces excedese un pouco do que é a realidade. Eu entende que vostede teña que facer o seu papel, pero bueno, que nos fale de xestión económica a este goberno eu creo que está bastante fóra de lugar, sobre todo cando vostedes cumplen a máxima dos partidos de izquierdas, esa de "invito yo que pagas tú", que lles gustan tanto facer a vostedes non?, vostedes gastan que despois xa virá aquí quen a pagar o que nós gastamos, non nos preocupemos, total o cidadáns son moi intelixentes, cando os gobernos de izquierdas deixan as administracións, as institucións ao borde da quiebra xa virá o PP para aplicar políticas rigurosas e austeras para poñer as cosas no seu punto. Isto foi o que se fixo durante estos catro anos, de feito lle repito, porque creo que no debate orzamentario non lles quedou moi claro e llos vou a repetir catro datos; o primeiro, cando este goberno liquida as contas que deixaron vostedes, as liquida con menos 170.000 euros en negativo, a liquidación anual do exercicio 2011, cando vostedes colleron o goberno, colleron a liquidación orzamentario con 1.700.000 euros, vostedes liquidaron, valga a redundancia, liquidaron o aforro

xestionado por este Concello durante moitos anos, o aforro orzamentario eh?, e o deixaron en menos 170.000 euros, se gastaron o que había, gastaron o que non había e, por encima, deixaron 1.800.000 euros en facturas metidas nun caixón, eso é a realidade da súa fantástica xestión non?. Que fixo este goberno?, pagou o que deixaron vostedes. O outro día fun a unha parroquia e había uns veciños, algún simpatizante dun partido, outros simpatizantes doutros, e entonces chamoume o veciño e díxome "oye, ven a ver aquí a obra que fixeron os socialistas e que acabasteis pagando vos", e efectivamente, unha obra fantástica que fixeron na parroquia, que fixeron os socialistas e que ao final acabou pagando o Partido Popular porque era desas facturas que quedaron sin pagar no caixón non?. Esa é a situación real, a situación real que nos atopamos fai catro anos. Hoxe en día que temos?, non o digo eu, están os medios de comunicación para corroborar, é un dos Concellos máis solventes de Galicia, uns dos Concello que cumpre, por suposto, o seu prazo de pago aos provedores e foi un dos poucos Concellos de Galicia que non tuvo que acudir a un plan de pago ao provedor porque asumimos ese 1.800.000 euros con recursos propios facendo un esforzo sin precedentes na xestión, un goberno que ademais deso ten xa outra vez un remanente de Tesourería, que colleron vostedes cun 1.700.000 e o deixaron con menos 70.000, o temos xa agora por encima dun millón de euros outra vez, e un goberno que ten un aforro extraorzamentario de dous millóns de euros, eso é o que temos a día de hoxe non?. Un Concello que ten moito menos endebedamento que cando gobernaban vostedes, un Concello que inviste moito máis en gasto social de cando gobernaban vostedes, moitísimo máis, incrementamos máis dun vinte por cento as partidas de gasto social, e un Concello que ten unha das menores cargas impositivas para os seus veciños de todos os Concellos de Galicia da súa categoría. Esa é a realidade, despois podémola disfrazar, vestir o edulcorar como nos interese, pero esa é a realidade non?. Un Concello ademais que, con estos Orzamentos, garantiza a construción dunha nova gardería, esa que tanto se lle enchía aos socialistas a boca dicir, e hoxe en día temos xa en relación ao proxecto da nova gardería nun espacio que nunca nada antes se podía imaxinar porque non o había, nun espacio público que é o antigo campo de fútbol da Baiuca, que hoxe en día é o espacio que reserva o Plan Xeral, que tamén o aprobou este goberno, non sei si se dan conta ou non, pero tamén o aprobou este goberno, o espacio que reserva para todas as dotacións públicas e que algún dixo que alí se ía construír edificios e se ía a facer unha operación urbanística, bueno, estas cousas que se suelen dicir na oposición non?, e que hoxe día xa vamos a poder ceder esa parcela para a construción da nova gardería, que estos Orzamentos garantizan cunha aportación por parte do Concello de 100.000 euros. Vamos a permitir tamén, estos Orzamentos, incrementar substancialmente o esforzo que fai o Concello en partidas de ámbito social, a posta en marcha do centro das persoas con alzheimer, a posta en marcha do centro de atención a persoas maiores e prevención de dependencia, que vai a permitir poñer en marcha o Convenio coa Xunta de Galicia (outro tema que nos urxe, porque o temos que poner en marcha o mes que ven), o Convenio do Transporte Metropolitano de Galicia, algo que a vostedes nunca lles preocupou e nis lle interesou, que os veciños da Estrada pagaran tres euros con cincuenta por desplazarse a Santiago, e que este goberno lles buscou a solución para rebaixar en máis dun 40% o coste do transporte dos nosos veciños a Santiago e que vai tamén recollido neste Orzamento; ou algo que xa sei que a vostedes non lles gusta, pero xa o dixeran publicamente e nós tamén dixemos que si, que si nos gusta, a adquisición da propiedade máis importante que hoxe en día o Concello da Estrada pode ambicionar e que é a ampliación dos Xardíns municipais, a nós si nos preocupa, nós queremos deixar esa herencia, ese espacio que colmata toda a mazán donde esta o Concello, a plaza do Concello, os Xardíns municipais, a completa mazán que vai a ser o maior patrimonio que lle podemos

deixar ás xeneracións futuras, vacante e libre e edificación, para eu creo consolidar un proxecto que o día de mañán si non se fixese moi pouca xente podería entender que non se tomara esta decisión; eu creo que é unha decisión responsable, sensata, temos o diñeiro, pero claro agora veñen os socialistas e o Bloque e din "co diñeiro que aforrou o PP e xa tiña sitio para metelo, eu xa tiña alí catro cousiñas para gastalo", no!, ese diñeiro se aforrou con moito esforzo, con moito traballo, o aforraron os veciños da Estrada porque no programa electoral do Partido Popular e no Plan Xeral que aprobou o Partido Popular ía a ampliación dos Xardíns como unha das operacións estratéxicas de adquisición de terreo por parte de este goberno, e fumos grao a grao aforrando (algo que vostedes non saben moi ben como se fai), todos os anos intentando aforrar un diñeiro para ter hoxe 2.000.000 de euros que o van a ver, porque xa sei que algún no é crédulo, hasta que meta o dedo na llaga non o cree, van a ver como no Pleno ordinario do mes de maio este goberno vai a traer as modificacións orzamentarias para incorporar unha partida co diñeiro necesario para a expropiación dos terreos da ampliación dos Xardíns municipais.

Esa é a realidade, a realidade que nos toca vivir. Eu xa digo... a min non me caen los anillos por reconocer que seguramente non todo é maravilloso e nalgunhas cousas nos equivocamos, pero eu creo sinceramente de que este Orzamento é a base e o resumen do traballo de catro anos de esforzo, que eu creo que tamén o fixeron e os veciños con nós, e que agora nos sitúan nunha boa situación para pensar en proxectos de futuro non?. Neste caso pois claro que nós entendemos que o Orzamento é a ferramenta necesaria, claro que sabemos que tiña que ser aprobado posiblemente en prazo e en tempo como o fixemos durante os tres anos nos que gobernamos, pero neste caso circunstancias, a veces por parte do goberno e outras por causas alleas ao goberno, nos impediron telo aprobado; e entendemos que canto antes estea funcionando esta ferramenta, antes poderá ser útil para os veciños e dar, por suposto, os seus froitos.

Así que si lles parece procedemos, polo tanto, a votas este terceiro punto de aprobación definitiva do Orzamento municipal para o ano 2015. Votos en contra?, non hai abstencións, votos a favor?, apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos favorables do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (9) e do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda e Contas de data 16-04-2015, en relación co asunto de referencia.

Visto o expediente do Orzamento 2015 cuxa aprobación provisional tivo lugar na sesión plenaria do 13 de marzo último e que permaneceu exposto ao público durante o prazo de 15 días, anunciado no Boletín Oficial da Provincial do 24-03-2015.

Visto o Acordo adoptado nesta mesma sesión, polo que se desestiman as reclamacións presentadas dentro de prazo, á vista do informe emitido conxuntamente pola Secretaría e a Intervención municipal con data 14-04-2015.

Visto o Ditame acadado na sesión celebrada o 16-04-2015 pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas.

ACORDAMOS:

Apróbase definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio 2015 nos termos aprobados nun principio por acordo adoptado na sesión plenaria celebrada o 13 de marzo de 2015.

Sr. Alcalde: Tratándose dunha sesión extraordinaria, non hai rogos e preguntas, polo tanto levantamos a sesión. Moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas tres minutos.

A Estrada, 20 de abril de 2015
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso